



## XEOGRAFÍA

### OPCIÓN B

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, barlovento, maquis, umbría, acuicultura, laurisilva. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, barlovento, maquis, umbría, acuicultura, laurisilva. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Enumere as 4 unidades do relevo marcadas coas letras A, B, C, D no mapa (1 punto).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:


- Identifique o documento e complete a súa lenda coas áreas litolóxicas que lle correspondan. (1 punto)
- Orixe xeolóxicas e localización de cada área litolóxica representada (1 punto).
- Rochedo predominante e exemplos de modelado correspondentes a cada área litolóxica (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Enumere las 4 unidades del relieve marcadas con las letras A, B, C y D en el mapa (1 punto).

b) Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:

- Identifique el documento y complete su leyenda con las áreas litológicas que le correspondan (1 punto).
- Orígenes geológicos y localización de cada área litológica representada (1 punto).
- Rochedo predominante y ejemplos de modelado correspondientes a cada área litológica (1 punto).



Fonte: Santillana

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española: a) A poboación rural, b) As explotacións agrarias, c) Técnicas e sistemas agrarios, d) Estrutura gandeira e e) Política Agrícola Común.

3.- Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Transformaciones recientes en la estructura agropecuaria española: a) La población rural, b) Las explotaciones agrarias, c) Técnicas y sistemas agrarios, d) Estructura ganadera y e) Política Agrícola Común.

## XEOGRAFÍA

### OPCIÓN A

1.- Defina, nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, laurisilva, agricultura ecolóxica, inversión térmica, réxime demográfico, isohieta. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).


1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente cuatro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: área metropolitana, laurisilva, agricultura ecológica, inversión térmica, régimen demográfico, isoyeta. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Enumere as comunidades autónomas ás que pertencen os datos do documento e as súas capitais (1 punto).
- Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:
  - Analice o tipo de documento e os datos representados (1 punto).
  - Explique as causas das diferenzas entre a liña verde e as demais (1 punto).
  - Comente as consecuencias negativas dos datos presentados (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Enumere las comunidades autónomas a las que pertenecen los datos del documento y sus capitales (1 punto).
- Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:
  - Analice el tipo de documento y los datos representados (1 punto).
  - Explique las causas de las diferencias entre la línea verde y las demás (1 punto).
  - Comente las consecuencias negativas de los datos presentados (1 punto).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Repercusións ambientais da acción humana: a) Contaminación. b) Cambio climático. c) Pegada ecolóxica”.

3.- Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Repercusiones ambientales de la acción humana: a) Contaminación. b) Cambio climático. c) Huella ecológica.

## XEOGRAFÍA

### OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: silvicultura, aluvión, litosfera, enerxías renovables, agricultura ecolóxica, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente cuatro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: silvicultura, aluvión, litosfera, energías renovables, agricultura ecológica, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice cinco sistemas montañosos con temperaturas medias inferiores a 7,5°C (1 punto).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:


- Identifique o documento e relacione as áreas coas mesmas temperaturas coas zonas xeográficas ás que correspondan. (1 punto)
- Explique os factores xeográficos e termodinámicos que condicionan as áreas con temperaturas superiores a 15°C (1 punto).
- Relacione as áreas de temperaturas inferiores a 15°C cos dominios climáticos aos que corresponden (1 punto).

2. Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Localice cinco sistemas montañosos con temperaturas medias inferiores a 7,5°C. (1 punto)

b) Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:

- Identifique el documento y relacione las áreas con las mismas temperaturas con las zonas geográficas a las que correspondan (1 punto).
- Explique los factores geográficos y termodinámicos que condicionan las áreas con temperaturas superiores a 15°C (1 punto).
- Relacione las áreas de temperaturas inferiores a 15°C con los dominios climáticos a los que corresponden (1 punto).



Fonte: Anaya

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):

Tema “Mobilidade espacial da poboación: a) O éxodo rural. b) A inmigración”.

3.- Desarrolle el tema guiado por los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Movilidad espacial de la población: a) El éxodo rural. b) La inmigración”.



# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN A

**1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).**

- A **desagrarización** é a perda de poboación dedicada á actividade agraria, así como á perda de importancia económica da actividade agrícola nun territorio. En toda España tense producido este proceso, especialmente desde finais dos anos 1970.

- **Explotación intensiva** é aquela explotación agraria que elimina os barbeitos e recorre á produción continua do terreo, estimulada polo emprego de fertilizantes e o regadío artificial. Este tipo de agricultura intensiva obtén unha forte produtividade, sobre terreos moitas veces de extensión reducida. É moi habitual no litoral mediterráneo, especializado na horticoltura.

- **Cunca fluvial** ou **hidrográfica** é a porción de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitada por unha liña de cumes ou divisoria de augas – liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que soe coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos-.

- Os **Fondos Estruturais** son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinados ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego.

- A **litosfera** é un conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola códea e unha parte do manto superior terrestre.

- A **tectónica de placas** é unha teoría que explica a deriva continental e outros fenómenos como a formación de montañas, volcáns e terremotos. Segundo a tectónica de placas, a superficie exterior da Terra, chamada cortiza, consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas que están en constante movemento. España está no límite sur da placa eurasiática.

**2. Atendendo ao documento conteste (puntuación máxima 4 puntos):**

**a) Enumere catro provincias das rexións levantina e surmediterránea segundo a fig. 1 (1 punto):** Alicante, Murcia, Almería, Granada, Málaga.

**b) Comente os documentos:**

- **Identifique os tipos de documentos e sinal 4 dos principais caladoiros fóra das costas peninsulares nos que pesque a flota pesqueira española (1 punto).**

Mapa corocromático-temático de España coa trama das provincias e Comunidades Autónomas no que se reflicten as principais rexións e caladoiros nacionais. E un gráfico lineal que no eixo horizontal expresa o tempo (1965-2005) e no vertical miles de persoas referida á poboación ocupada na pesca en España.

Noruega e Svalbard, Groenlandia, Gran Sol e Atlántico Norte, Terranova, Marrocos, Mauritania e Senegal, Cabo Verde, Guinea-Bissau, Costa de Marfil e Guinea Ecuatorial, Atlántico interior, Angola e Namibia, Costa do Sur de Chile, Illas Malvinas, Illas Seychelles, Illas Comores e Madagascar.

- **Analice e comente a evolución da poboación ocupada na pesca en España (1 punto).**

Sinalar o claro descenso da poboación ocupada e da súa contribución ao PIB dende o ano 1975, o que levou a un envellecemento e falta de formación neste sector. Aínda así na actualidade amosa un tamaño excesivo en relación coas posibilidades de pesca.

Crecedo ata mediados dos anos 70 debido a:

- aumento da demanda
- mellora do nivel adquisitivo
- baixo prezo do combustible
- libre acceso a caladoiros
- facilidades económicas / modernización

Descenso dende mediados dos anos 70 debido a varias dificultades:

- encarecemento do petróleo

# Criterios de Avaliación / Corrección

- implantación de zonas económicas exclusivas (aparición de conflitos).
- esgotamento dos caladoiros
- recomendacións europeas de redución de frotas o que levou a:
  - o prexubilacións
  - o reconversión a actividades diferentes
  - o traspaso de barcos a terceiros países ou creación de sociedades mixtas

Axudas europeas (esixencias de calidade) para renovación e modernización da frota ata 2004.

- **Explique as principais características en canto á ocupación e recursos da rexión pesqueira do Noroeste (1 punto).**

Inclúese todas as costas galegas. É a rexión máis importante, tanto por volume de pesca como polo seu valor. Ten unha importante tradición pesqueira e elevado consumo. Son tamén importantes as actividades derivadas: estaleiros de buques, industria conserveira, empresas distribuidoras...

A evolución en canto á ocupación da poboación activa é semellante a do resto de España, aínda que segue a ocupar un lugar relevante na economía galega. A redución da poboación ocupada xenera diversos problemas:

- Problemas sociais nas zonas afectadas. Impulso doutros sectores como o acuícola. Axudas a pesca artesanal en zonas de tradición pesqueira ou intentos de reconversión profesional. Importancia do marisqueo e forte desenvolvemento da acuicultura.
- Sobreexplotación dos recursos polo exceso de capturas e polo uso de artes de pesca indiscriminadas levou, dacordo coa Política Pesqueira Comunitaria (PPC), ao establecemento de cotas de pesca, paros biolóxicos, etc.
- Contaminación, especialmente por vertidos de combustibles. Necesidade de rexenerar e diversificar actividades.

### 3.- Desenvolva o tema: “Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España” (puntuación máxima de 4 puntos):

#### a) Factores xeográficos:

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.
- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.
- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta ó mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.
- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos, favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.  
As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.
- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6 grados centígrados por cada 1.000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, “precipitacións ocultas” (xeadas e orballo) e precipitacións “horizontais” (producidas polas nubes).
- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e avesados. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

#### b) Os factores termodinámicos:

- A circulación en altura: a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á

# Criterios de Avaliación / Corrección

esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, ten un trazado case zonal e presenta suaves ondulacións que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas as dúas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ó aire polar penetrar moi ó sur, e ó aire tropical desprazarse cara ó norte, o que lle dá gran variabilidade ó tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e fronteas.

A circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas fronteas:

- o Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb.

Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ó seu arredor en sentido contrario ó das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos. Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflícten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ó norte e no inverno cara ó sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo, e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ó Mediterráneo, máis cálido e húmido, e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quecemento do chan en verán.

- o As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).
  - o Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.
- As fronteas son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os dous lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fronte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronteas, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## OPCIÓN B

**1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).**

- Unha **área metropolitana** é un espazo moi urbanizado que engloba unha cidade central que dá nome a área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

- **Barlovento** é a parte dun relevo ou zona orientada cara ao lugar de onde vén o vento. En Galicia, cando domina o fluxo zonal do oeste, a vertente de barlovento das dorsais montañosas é a occidental, máis húmida, mentres que a de sotavento, a oriental, se caracteriza por unha menor pluviometría.

- **Maquis** ou **maquia** é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que soe refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

- A **umbría (avesedo)** é a parte dun terreo en que case sempre fai sombra, por estar exposta ao norte, no noso hemisferio. Por exemplo, as vertentes orientadas cara ao Norte do Cordal Cantábrico.

- **Acuicultura** é o conxunto de actividades que, mediante algún tipo de intervención no ciclo biolóxico ou no medio no que habitan os peixes, permiten controlar a súa reprodución e/ou crecemento. A *acuicultura* aparece restrinxida a un pequeno abano de especies, principalmente peixes, moluscos e crustáceos. En Galicia, a acuicultura representa aproximadamente a terceira parte da cifra do negocio da pesca.

- A **laurisilva** é un bosque nuboso subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

**2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):**

**a) Enumere as 4 unidades do relevo marcadas coas letras A, B, C, D no mapa (1 punto):**

- A.- Cordilleira Costeira-Catalá
- B.- Montes Vascos
- C.- Montes de Toledo
- D.- Serra da Tramontana

**b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:**

• **Identifique o documento e complete a lenda (1 punto):**

Mapa da Península e arquipélagos canario e balear de tipo corocromático-temático coa trama de provincias , a rede fluvial principal e a representación corocromática da litoloxía predominante na península e nos arquipélagos.

Número 1 coa cor verde: Área silícea

Número 2 coa cor vermella: Área calcaria

Número 3 coa cor amarela: Área arxilosa

Número 4 coa cor azul: Área volcánica

• **Orixe xeolóxica e localización de cada área/dominio (1 punto):**

Área silícea:

- Rochas moi antigas, do Precámbrico e do Paleozoico que foron antigos macizos arrasados.
- Localízanse nas rexións nas que aflora o vello zócalo herciniano da Meseta e en zonas de outros macizos antigos. Todo o terzo oeste peninsular (excepto zona de Lisboa) e se estende cara o oeste da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena; e formando manchas illadas, no eixe central dos Pireneos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira-Catalá.

Área calcaria:

- Rochas sedimentadas durante o Mesozoico e comezos do Terciario que co pregamento alpino formaron os conxuntos montañosos da zona oriental española.
- Esténdese formando unha Z invertida, desde as costas catalanas ata o estreito de Xibraltar. Pireneos, Sur da Cordilleira Costeira-Catalá, Montes Vascos, e metade oriental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico e Subbéticas. Domina no arquipélago balear, salvo as chairas centrais.



# Criterios de Avaliación / Corrección

## Área arxilosa:

- Rochas que foron depositadas a finais do Terciario e no Cuaternario.
- Se estende polas depresións terciarias: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir; as chairas litorais mediterráneas e a depresión do Sado-TEXO.

## Área volcánica:

- Nas erupcións volcánicas durante a era terciaria, ascenderon masas de rochas volcánicas.
- Illas Canarias e zonas da península como Cabo de Gata, Olot e Campo de Calatrava.

## • **Rochedo predominante e exemplos de modelado correspondente (1 punto):**

### Área silíceo:

- Poden ser metamórficas como as lousas, xistos ou gneis, ou ígneas como o granito.
- Relevo granítico: áreas pardoamarelas, cristas, pedregais, domos, barrocais, caos granítico.

### Área calcaria:

- Rocha predominante e a calcaria.
- Relevo cárstico: lapiás, foces, poljés, dolinas, covas e simas.

### Área arxilosa:

- Rochas como as arxilas, margas e xesos.
- Forman relevos basicamente horizontais, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:
  - o Zonas de escasa vexetación: cárcavas que poden orixinar os badlands.
  - o Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as campiñas.

### Área volcánica:

- Segundo a viscosidade da lava e a proporción de produtos sólidos poden ser: lapilli, escorias, bombas volcánicas ou coladas.
- Formas máis características: conos volcánicos, calderas, domos, malpaíses, diques, barrancos volcánicos.

## **3. Desenvolva o tema: “Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española” (puntuación máxima de 4 puntos):**

O espazo rural é o territorio non urbanizado da superficie terrestre. Tradicionalmente foi, case en exclusiva, un espazo agrario onde se desenvolvían as actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Non obstante, desde a década de 1970, introducíronse outras actividades, como as residenciais, industriais, de servizos, recreativas e paisaxístico-conservacionistas. Como consecuencia, o espazo rural volveuse máis heteroxéneo e complexo.

### **a) A poboación rural**

A poboación ocupada nas actividades agrarias é escasa, existen diferenzas territoriais entre as baixas cifras de poboación agraria de Madrid e do País Vasco, en torno ao 1%, e os valores máis altos de Extremadura, Murcia e Galicia, superiores ao 8%. Pola súa banda, o envellecemento rural é máis acusado nas comunidades do interior peninsular.

A causa principal foi o éxodo rural, entre 1960 e 1975. Despois, a crise económica desacelerou o éxodo rural e incrementou a actividade agraria a tempo parcial.

As tendencias demográficas que se apuntan desde a década de 1990 son dobres:

- Unha continuación do descenso demográfico e do envellecemento nas áreas rurais máis desfavorecidas (crecemento natural negativo, a emigración, a xubilación).
- Certa recuperación e rexuvenecemento das áreas rurais máis dinámicas. Está relacionada co asentamento de inmigrantes, novas actividades en zonas rurais periurbanas e turísticas e coas subvencións europeas.

### **b) As explotacións agrarias**

O descenso do seu número débese ao abandono de terras e a un proceso de concentración, por venda ou arrendamento. Esa concentración permitiu a elevación do tamaño medio das explotacións. O resultado é unha dualidade cada vez maior entre:

- Explotacións familiares moi pequenas e pouco rendibles.
- Empresas agrarias, ben de particulares ben de sociedades ou cooperativas, que teñen maior dimensión, estanse modernizando e son rendibles.

O réxime de tenza establece a relación entre propiedade e explotación ou uso da terra. Pode distinguirse entre tenza directa (explotación traballada polos seus propietarios), arrendamento (se explotan terras alleas a cambio dunha

# Criterios de Avaliación / Corrección

renda anual) e parzaría (se explotan terras a cambio dunha porcentaxe da colleita). Na actualidade, un 70% das terras cultivadas mantéñense en tenza directa e tende a desaparecer o sistema de parzaría (só un 2% do total).

## c) Técnicas e sistemas agrarios

As técnicas e os sistemas agrarios experimentaron cambios desde a década de 1960. As transformacións técnicas consistiron na incorporación de avances como a mecanización de tarefas, a selección xenética das sementes e razas gandeiras, ou o uso de fertilizantes químicos e produtos fitosanitarios.

As transformacións nos sistemas agrarios supuxeron unha crecente intensificación da produción e un paralelo aumento do rendemento. A agricultura española actual coñeceu un intenso proceso de modernización, o que permitiu elevar a súa eficiencia. As transformacións máis importantes son:

- Unha crecente especialización do territorio nos cultivos para os que teñen mejores condicións competitivas, abandonando o resto. A substitución do policultivo polo monocultivo.
- Maior investimento de capital para incorporar maquinaria (tractores, colleitadoras, motores para rega, etc.), produtos químicos (fertilizantes, herbicidas, praguicidas, etc.) ou sementes seleccionadas e transxénicas, manipuladas xeneticamente.
- Forte incremento da superficie en regadío, tamén provoca a sobreexplotación de certos acuíferos e crecentes conflitos pola auga.
- Incorporación de novas técnicas de cultivo, como o enarenado ou cultivo baixo plástico.

## d) Estrutura gandeira

Nos últimos anos, coñeceu un notable desenvolvemento en España, e hoxe en día representa un 40% da produción final agraria. Grazas ao:

- Aumento da súa importancia económica ante o crecente consumo dos seus produtos.
- Unha modernización das explotacións.
- Unha evolución das especies en función da súa rendibilidade.
- Menor dependencia das condicións naturais, ao aumentar a importancia da gandería estabulada.

A gandería destínase hoxe principalmente á alimentación da poboación, o que va unido ao forte aumento do consumo de carne, leite e ovos. Iso supuxo, a miúdo, a substitución das razas autóctonas por outras de maior produción e por conseguinte, maior rendibilidade.

## e) Política Agraria Común (PAC)

As áreas rurais españolas cunha importante presenza de actividades agrarias enfróntanse desde hai décadas a importantes problemas:

- Escasa competitividade dunha parte dos produtos, que só poden ser rendibles para o agricultor grazas ás políticas de subvención e ao establecemento de prezos protexidos.
- Progresivo despoboamento e envellecemento das áreas rurais españolas.
- Redución dos empregos agrarios debido aos procesos de mecanización e o abandono de terras pouco produtivas.
- Ingresos medios inferiores aos que obteñen os que traballan na industria ou nos servizos.
- Crecentes impactos ambientais ao aumentar a demanda de o uso, ás veces excesivo, de agroquímicos que contaminan solos e acuíferos.

Desde a entrada na Unión Europea, a maioría das accións dirixidas á promoción do sector agrario español proveñen da Política Agraria Común (PAC) cunha serie de accións:

- Establecemento de prezos de garantía para determinados produtos.
- Esixencia de redución de superficie, ou cotas máximas de produción.
- Apoio á forestación de terras agrícolas e á agricultura e gandería ecolóxicas.
- Axudas para a modernización das explotacións e a incorporación de mozos agricultores.
- Apoio á diversificación económica do mundo rural.
- Axudas especiais para áreas de montaña e zonas desfavorecidas.

Pese a ser a clave que permite manter hoxe activas boa parte das explotacións agrarias, a PAC enfróntase a certas críticas:

- Absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non corresponde ao peso relativo do sector.
- Supón un proteccionismo do seu mercado interior, que frea as posibilidades de que países do Terceiro Mundo exporten a el os seus produtos, moitas veces máis baratos.
- Como as axudas se vinculan ao tamaño da explotación, favorece unha partición moi desigual: só un 20% das exportacións repartiu o 80% das axudas.

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN A

**1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: área metropolitana, laurisilva, agricultura ecolóxica, inversión térmica, réxime demográfico, isohieta. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).**

**Área metropolitana.-** Rexión urbana que engloba unha cidade central que dá nome á área e unha serie de cidades satélites que poden funcionar como cidades dormitorio, industriais, comerciais e servizos, todo organizado de xeito centralizado.

**Laurisilva.-** Bosque nubrado subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores - algunhas perennifolias, de grande altura-, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o “mar de nubes” -determinado pola afluencia dos alisios- permite o seu crecemento.

**Agricultura ecolóxica.-** Sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para abono nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter *alimentos orgánicos* á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.

**Inversión térmica.-** Incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O ar máis cálido atópase sobre o máis frío. No nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal.

**Réxime demográfico.-** Período correspondente ao modelo de transición demográfica cunhas determinadas características canto á natalidade, á mortalidade e ao crecemento natural ou vexetativo. Distínguense: 1) o antigo réxime demográfico, con altas taxas de natalidade e mortalidade e crecemento vexetativo escaso; 2) o réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade e mortalidade moi baixas.

**Isohieta.-** Isohieta imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas.

**2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):**

**a) Enumere as comunidades autónomas ás que pertencen os datos do documento e as súas capitais (1 punto).**

Costa do Sol: Andalucía: Sevilla;

Costa Brava: Cataluña: Barcelona;

Illa de Lanzarote: Canarias: Sta. Cruz de Tenerife e Las Palmas de Gran Canaria

Pireneo catalán: Cataluña: Barcelona

**b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:**

- **Analice o tipo de documento e os datos representados (1 punto).**

Gráfico lineal utilizado para representar a variable da ocupación hoteleira estacional nalgunhas zonas turísticas de España durante os distintos meses do ano 2005.

No eixo horizontal aparecen representados os meses do ano, e no eixo vertical a porcentaxe de ocupación hoteleira correspondente a cada una das zonas representadas (Costa do Sol, Costa Brava, Illa de Lanzarote e Pireneo catalán), utilizando diferentes cores para identificar cada unha delas.

Os datos recollidos para elaborar a gráfica proveñen dunha enquisa sobre ocupación hoteleira realizada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

- **Explique as causas das diferenzas entre a liña verde e as demais (1 punto).**

A liña verde representa un tipo de turismo de montaña (Pireneo catalán) que ten unha estacionalidade máis acusada que o turismo de sol e praia, con dous máximos. Nas áreas de montaña practícase un turismo invernal asociado ás estacións de esquí que explica por qué a ocupación máis baixa se rexistra aquí na primavera e outono.

# Criterios de Avaliación / Corrección

O pico de ocupación de verán nas áreas de montaña prodúcese a causa dun incremento do turismo rural e ecolóxico, vinculado á práctica de actividades de contacto coa natureza que máis recentemente se veñen potenciando (sendeirismo, montañismo, rutas verdes,...).

As condicións climatolóxicas tamén xustifican as diferenzas entre o Pireneo catalán e as demais localizacións, malia que na illa de Lanzarote a estacionalidade é menor, debido á continuidade relativa das condicións meteorolóxicas (clima subtropical) ao longo do ano.

- **Comente as consecuencias negativas dos datos presentados (1 punto).**

Entre as consecuencias negativas podemos destacar:

A dependencia das condicións meteorolóxicas, especialmente significativa nas áreas de montaña, onde a redución de días de neve pode diminuír a utilización das instalacións.

No nivel social, o predominio dos contratos temporais causa o aumento do paro en tempada baixa.

No ámbito económico, a dependencia extrema do sector turístico é moi significativa.

No aspecto ambiental, o predominio do turismo de sol e praia produce unha deterioración da liña de costa e urbanización masiva (grandes infraestruturas como portos deportivos, espigóns, peirao...), a destrución de paisaxes singulares, a sobreexplotación de recursos, conflitos polo uso do solo e da auga –sobre todo con usos agrarios e industriais, especialmente no Mediterráneo-, contaminación mariña, vertido de residuos e sobreexplotación de infraestruturas. A precariedade dos propios establecementos hoteleiros pode repercutir na contaminación visual do contorno.

### **3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):**

**Tema “Repercusións ambientais da acción humana: a) Contaminación. b) Cambio climático. c) Pegada ecolóxica”.**

Na actualidade, moitas actividades humanas levan consigo grandes e graves consecuencias non desexadas, especialmente sobre o medio: a contaminación e o cambio climático quizais sexan dúas das máis preocupantes, por esta razón ás veces é necesario realizar avaliacións de impacto ambiental.

A contaminación é unha das maiores e máis negativas consecuencias ambientais e sociais que teñen as actividades humanas. Supón a introdución, nun medio calquera, dunha substancia en cantidade abonda como para xerar algún dano ou desequilibrio, irreversible ou non, e que pode ser prexudicial para a saúde, para a seguridade ou o benestar da poboación ou para a vida vexetal ou animal.

A contaminación clasifícase segundo os medios aos que afecta:

- Contaminación atmosférica. Os principais contaminantes (en especial o dióxido de carbono) proceden de procesos de combustión en actividades de transporte, industrias, xeración de enerxía eléctrica e calefacción doméstica, así como da evaporación de disolventes orgánicos e das emisións de gases, que orixinaron un buraco na capa de ozono.

- Contaminación da auga. Xeralmente a contaminación de ríos, mares e augas subterráneas provén de verteduras e refugallo industriais (con presenza de metais e de augas con elevada temperatura) así como de augas residuais non tratadas procedentes do saneamento de vilas e cidades.

- Contaminación do solo. Aparece logo da aplicación de insecticidas, por filtracións ou roturas de canalizacións de augas residuais e produtos industriais.

A contaminación tamén se pode clasificar en función do método contaminante ambiental. Así, podemos distinguir entre:

- Contaminación química. Significa a introdución de substancias potencialmente perigosas para a saúde e para o ámbito da terra, nos alimentos, no aire ou na auga. - Contaminación radioactiva. Derivada da dispersión de materiais radioactivos, como o uranio enriquecido, usados en instalacións médicas ou de investigación, en reactores nucleares de centrais enerxéticas, en probas atómicas.

- Contaminación acústica. É a contaminación debida ao ruído, ao son excesivo ou molesto causado polas fábricas, os medios de transporte ou certas actividades de lecer.

- Contaminación térmica. Ten lugar no momento en que un proceso vén a modificar a temperatura do medio de forma prexudicial, por exemplo debido á vertedura de auga quente nun río: o incremento da temperatura diminúe a solubilidade do osíxeno na auga, polo que pode xerar unha gran mortalidade de peixes.

# Criterios de Avaliación / Corrección

- Contaminación electromagnética. É a producida a partir das radiacións xeradas por equipos electrónicos e por instalacións eléctricas.
- Contaminación luminosa. Refírese ao resplandor de luz difundido no ceo nocturno e producido pola luz artificial procedente das cidades, dos vehículos e doutras infraestruturas.
- Contaminación visual. Prodúcese cando a abundancia, a desorde ou o tipo de elementos que se achán na paisaxe deterioran a súa estética.

O cambio climático é a modificación que sofre o clima en relación ao paso do tempo e no ámbito global. Sobre o clima inflúen moitos fenómenos: a órbita da Terra, o tipo e cantidade de insolación, a composición da atmosfera, a disposición dos continentes, as correntes mariñas. Ao longo da historia do noso planeta estes fenómenos foron variando de forma natural, así que, certamente, sempre existiron cambios climáticos.

Os seres humanos son un máis dos axentes que poden influír no cambio climático. Inda que durante moitos séculos a súa influencia foi moi reducida, nos últimos anos a cantidade e a intensidade das accións humanas sobre o planeta son tantas, que están a inducir notables transformacións das condicións climáticas e, o que é peor, a unha gran velocidade, o que impide a adaptación da natureza ás novas circunstancias.

Para se referir ao cambio de orixe humana, úsase tamén a expresión cambio climático antropoxénico: as accións humanas de hoxe non só están a condicionar o clima a longo prazo senón no futuro máis próximo.

Entre os elementos que inflúen no cambio climático cabe citar:

- O efecto invernadoiro e o quecemento global. A enerxía solar quenta o solo terrestre, que devolve unha parte (un 37,5%) desa enerxía ao espazo exterior mentres que o resto é retido polos gases das capas superiores da atmosfera, producindo o seu quecemento. É o que se chama efecto invernadoiro xa que funciona igual que os cristais dun invernadoiro de xardinaría pero esta vez desenvolvéndose de forma natural: de aí o nome e o paralelismo.

O preocupante é que nos últimos tempos a proporción dos gases que producen este efecto (CO<sub>2</sub>, metano e clorofluorcarbonatos ou CFC, entre outros) se elevou enormemente, de xeito que impide que saia ao espazo exterior parte da enerxía que emite a superficie da Terra. Como consecuencia, elévase a temperatura da atmosfera, empezando así un proceso de quecemento global e de cambio climático antropoxénico.

- O quentamento global e os océanos. O aumento global da temperatura ten un efecto directo nos océanos. Desde o ano 1960 a temperatura media dos océanos aumentou 0,1°C, pero as augas do océano Antártico fixérono en 0,2°C. Iso, unido ao aumento da temperatura do aire, fai que se orixine o desxeo de grandes placas xeadas nas zonas ártica e antártica, así como tamén o dos glaciares terrestres.

A chamada pegada ecolóxica é un indicador de sustentabilidade que resume, para cada individuo, cal é a área necesaria para producir os recursos que utiliza e para asimilar os refugallos que xera. O seu obxectivo consiste en avaliar o impacto sobre o planeta nun determinado modo de vida.

A biocapacidade do planeta por cada habitante estimouse en 1,8 ha, ou o que é o mesmo, se tivéssemos que repartir o terreo produtivo da Terra en partes iguais, a cada un dos 7.000 millóns de habitantes, corresponderíanlles 1,8 ha para satisfacer todas as súas necesidades durante un ano. Malia o anterior, cada ser humano está gastando a cantidade de 2,23 ha, polo que, globalmente, se consomen máis recursos e se xeran máis refugallos dos que o planeta pode xerar e admitir.

## OPCIÓN B

**1.- Defina nun máximo de cinco liñas unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: silvicultura, aluvián, litosfera, enerxías renovables, agricultura ecolóxica, ría. (Puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).**

**Silvicultura.-** Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, mais tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais e o desenvolvemento de espazos recreativos.

**Aluvián.-** Depósito de materiais detrícticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

**Litosfera.-** Conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola codia e unha parte do manto superior terrestre.



# Criterios de Avaliación / Corrección

**Energías renovables.-** Aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

**Agricultura ecolóxica.-** Sistema para cultivar unha explotación agrícola autónoma, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para fertilizante nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter *alimentos orgánicos* á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.

**Ría.-** Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

## 2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

### a) Localice cinco sistemas montañosos con temperaturas medias inferiores a 7,5°C (1 punto).

Pireneos, Sistema Central, Sistema Ibérico, Cordilleira Cantábrica, Montes de León, Serras SO de Galicia.

### b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

- **Identifique o documento e relacione as áreas coas mesmas temperaturas coas zonas xeográficas ás que correspondan. (1 punto)**

Trátase dun mapa temático, corocromático, con isolíñas (isotermas) que representan a temperatura media anual das distintas áreas de España (Península, Baleares e Canarias).

Na lenda, as cores azuis reflicten as zonas máis frías (áreas montañosas do centro e norte peninsular, Submeseta Norte e cumios máis elevados dos sistemas montañosos meridionais).

As cores marelas e salmón (de 12,5°C a 17,5°C) correspóndense coa Submeseta Sur, depresión do Ebro, áreas litorais do Cantábrico e Galicia, ademais dos vales interiores de Galicia e Dorsal Meridiana, arquipélago balear e áreas montañosas de Canarias).

As cores vermellas, con temperaturas máis elevadas, correspóndense coas áreas de dominio mediterráneo levantino e andaluz, depresión do Guadalquivir e litorais das illas Canarias.

- **Explique os factores xeográficos e termodinámicos que condicionan as áreas con temperaturas superiores a 15°C (1 punto).**

Canto aos factores xeográficos:

España localízase en latitudes medias. Pero a latitude máis meridional (incluso subtropical no caso canario) das áreas litorais levantinas e andaluzas contribúe ao incremento da temperatura media.

A altitude dos espazos sinalados correspóndese esencialmente con áreas deprimidas ou litorais, que están por debaixo dos 200 metros sobre o nivel do mar. En Canarias, a pesar das maiores altitudes, a súa posición latitudinal xustifica o valor medio máis elevado das temperaturas anuais.

A proximidade ao mar. Nas costas mediterráneas o inverno é suave e o verán, caloroso, pois este mar, pechado e bordeado por relevos montañosos, actúa como un almacén de calor e non pode amortecer moito as elevadas temperaturas estivais. Polo tanto, a amplitude térmica das súas costas é moderada.

No referente aos factores termodinámicos:

Na área mediterránea prodúcese un predominio do anticiclón das Azores durante boa parte dos equinoccios e solsticio de verán. A penetración de vagas de aire frío é menor ca nas áreas setentrionais da península. Por contra, a influencia sahariana, moi acentuada no verán, produce unha elevación das temperaturas medias.

As illas Canarias constitúen un dominio climático orixinal debido á súa situación no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical e preto das costas africanas, o que fai que se entrecrucen influencias variadas. Dominan as altas presións tropicais (anticiclón das Azores) e o vento alisio do nordeste, que dá lugar a temperaturas cálidas todo o ano nas zonas baixas, xa que ningún mes baixa de 17 °C, polo que a amplitude térmica é pequena (inferior a 8° C).

- **Relacione as áreas de temperaturas inferiores a 15°C cos dominios climáticos aos que corresponden (1 punto).**

A área de 12,5°C a 15°C correspóndese cos dominios climáticos do mediterráneo continentalizado da Submeseta Sur e a depresión do Ebro; o suboceánico (oceánico de transición ou oceánico de influencia mediterránea) dos vales interiores de Galicia e o oceánico do litoral cantábrico.

A área de 10°C a 12,5°C correspóndese, esencialmente, co dominio mediterráneo continentalizado (ou de interior) da Submeseta Norte e montañas medias.

# Criterios de Avaliación / Corrección

A área de 7,5°C a 10°C correspóndese co dominio de montaña peninsular.

A área de menos de 7,5°C de media correspóndese co dominio de alta montaña peninsular.

### 3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Mobilidade espacial da poboación: a) O éxodo rural. b) A inmigración”.

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-cidade e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental.

As migracións campo-cidade tiveron lugar cando aumentou a poboación rural, diminuíu a poboación empregada na agricultura e aumentou a demanda de man de obra na industria e nos servizos. Desde 1961 producíronse vinte millóns de desprazamentos interiores. A metade dos españois vive nun municipio distinto do que naceu, e case unha cuarta parte nunha provincia diferente á do seu nacemento. Por iso, as migracións interiores tiveron unha grande influencia sobre a distribución da poboación en España e sobre as variacións espaciais na súa composición.

#### O éxodo rural

##### *O éxodo rural: de 1900 a 1975*

No primeiro terzo do século XX rexistráronse fortes correntes migratorias desde as zonas rurais ás cidades impulsadas polas novas actividades industriais e de servizos das áreas urbanas. Estes movementos interrompéronse durante a guerra civil e a inmediata posguerra, para rexurdir con moita máis forza nos anos cincuenta e, sobre todo, nos sesenta e primeira metade dos setenta.

Nesa época, a economía española experimentaba un elevado ritmo de crecemento, apoiado na industrialización e o turismo, que estimularon a construción de vivendas e infraestruturas, así como os servizos ás empresas e á poboación. Ao mesmo tempo, produciuse a mecanización de gran parte das tarefas agrarias, o que orixinou un éxodo masivo de poboación no medio rural.

Só nos anos sesenta do século XX cambiaron de residencia 4,2 millóns de españois, o 60% dos cales se trasladaron a outras provincias. Na distribución espacial destas migracións interiores cabe distinguir os seguintes espazos de orixe e destino:

- Os espazos emisores eran as áreas rurais do interior peninsular, ou espazos con sistemas agrarios en crise: Andalucía, Extremadura, as dúas Castelas, Aragón, Asturias, Galicia etc.

- Os espazos atraccións foron Madrid, Cataluña e o País Vasco, que se atopaban en pleno proceso de industrialización. A chegada de inmigrantes xerou o crecemento das grandes áreas urbanas, como Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia, Zaragoza e Sevilla. Tamén creceron cidades máis pequenas, como Tarragona, Valladolid, Vigo, Avilés ou Huelva, e as principais áreas turísticas do país.

##### *Novas pautas das migracións interiores: de 1975 á actualidade*

As migracións interiores masivas de carácter laboral finalizan bruscamente a mediados dos anos setenta do século XX, como consecuencia da crise económica que se produciu a causa da alza do prezo do petróleo. Desta maneira, entre 1975 e 1985 debilitáronse os fluxos migratorios interprovinciais. Continúan, con menor intensidade, os movementos de poboación nova desde o medio rural ata as cidades, ao tempo que se inician os movementos de retorno de emigrantes en sentido oposto.

Coa recuperación económica de mediados dos anos oitenta do século pasado, os fluxos reactiváanse, aínda que sen alcanzar a intensidade dos tempos do éxodo rural nin os niveis doutros países europeos. Destaca un modelo migratorio novo, en que as migracións interprovinciais (económicas e motivadas por cambios de emprego) perden importancia a prol das migracións intraprovinciais, orixinadas por cambios no lugar de residencia, pero non necesariamente de emprego.

Na actualidade, a maior parte dos fluxos migratorios son de curta distancia, e están ligados á expansión urbana. O crecemento das principais cidades desborda os termos municipais e trasládase aos municipios veciños. Ese cinto de municipios próximos ás grandes cidades é o que experimenta un maior crecemento demográfico, debido sobre todo á inmigración de poboación nova. Este proceso é posible a causa da confluencia dun conxunto de factores técnicos (a mellora das infraestruturas de transporte arredor das cidades), económicas (a carestía do solo e a vivenda incita os mozos a buscar vivendas máis baratas nos arredores das cidades) e culturais e ambientais (moitos mozos buscan novos estilos de vida máis ligados á natureza, fuxindo da deterioración do medio ambiente das áreas urbanas).

# Criterios de Avaliación / Corrección

## A inmigración

A partir dos últimos decenios do século XX iniciouse unha nova etapa nas migracións. O desenvolvemento económico transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración.

### *De país de emigración a país de inmigración: os novos fluxos migratorios*

Tras a entrada de España na UE e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. A finais da primeira década do século XXI, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación, inda que esta cifra tende a reducirse nos últimos anos por mor da crise económica desde 2007.

A conxunción dun descenso da emigración e un aumento sen precedentes da inmigración exterior propiciou que o saldo migratorio en España sexa claramente positivo desde os anos oitenta do século pasado ata o ano 2011 - momento en que a tendencia, por mor da crise económica, se volve inverter.

Canto á inmigración estranxeira en España podemos distinguir dúas fases en que non só se produciu un cambio substancial no número de estranxeiros presentes no país senón tamén na súa composición.

Durante a primeira fase (nos anos oitenta do século pasado), a maior parte dos estranxeiros residentes en España procedían de occidente, o centro e o norte de Europa. Este continxente respondía basicamente a dúas motivacións:

- Numerosos xubilados europeos elixiron España para retirarse e poder gozar do seu clima e estilo de vida. Estes cidadáns concentráronse na costa mediterránea da Península e nos arquipélagos de Baleares e Canarias, onde seguen representando unha porcentaxe elevada das súas poboacións.

- Outro grupo importante foi o dos traballadores das multinacionais europeas que se foron asentando especialmente en Madrid e Barcelona.

- Ademais, existía unha colonia crecente de marroquís que comezaron a acudir a España durante esa época na busca de traballo.

Nunha segunda fase, durante a década de 1990 e os primeiros anos do noso século, chegaron ao noso país numerosos cidadáns de Europa do Leste, así como latinoamericanos e asiáticos, á vez que continuaba o fluxo de norteafricanos.

A maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

### *Distribución espacial e actividade de poboación inmigrante*

Os estranxeiros concéntranse nas áreas máis dinámicas do territorio español, é dicir, onde hai máis oportunidades de emprego. Destacan especialmente Madrid, xunto do litoral mediterráneo e as illas. Non obstante, os inmigrantes chegaron a practicamente todos os recantos do territorio, malia que a maior parte se concentra nas grandes cidades.

Tamén existe un importante número de estranxeiros, sobre todo africanos, en áreas rurais con agricultura intensiva. Polo tanto, a súa localización espacial está moi relacionada co tipo de traballo que desempeñan.

En xeral, os inmigrantes ocupan postos de traballo que non eran cubertos pola poboación española, polo que non hai propiamente unha situación de competencia coa poboación autóctona.

### *Efectos da inmigración*

Os inmigrantes, co seu traballo, contribuíron de forma decisiva ao crecemento económico de España nos anos anteriores á crise económica. Ademais, a chegada de estranxeiros freou o proceso de envellecemento da poboación, xa que entre eles predominan os adultos novos e as súas taxas de natalidade son superiores ás da poboación española. Este feito é importante desde o punto de vista de mantemento do sistema de pensións e Seguridade Social: coa chegada masiva de inmigrantes prodúcese unha diminución da proporción de poboación dependente e un aumento do número de contribuíntes. Canto á integración social dos inmigrantes, a situación é moi diferente segundo os colectivos, pois algúns poden integrarse moito máis facilmente ca outros en función da súa lingua e a súa cultura.